- **Instar ó goberno da Xunta de Galicia para que promova a redacción e posterior aprobación dunha modificación lexislativa que contemple a paralización dos procedementos disciplinarios sobre únicas vivendas das persoas especialmente vulnerables, ata o momento en que estas acaden unha situación económico familiar máis favorable para poder asumir os efectos dos mesmos, sen recaer nunha situación de exclusión social.**
- **Instar ó goberno da Xunta de Galicia para que promova a redacción e posterior aprobación dunha modificación lexislativa que contemple a paralización das demolicións das únicas vivendas das persoas especialmente vulnerables, ata o momento en que estas acaden unha situación económico familiar máis favorable para poder asumir os efectos dos mesmos, sen recaer nunha situación de exclusión social.**
- **Se lle de traslado a FEGAMP para que se alcance o acordo sobre a presente moción por afectar a situación declarada no corpo da mesma a todos os municipios sexa cal sexa o seu color político.””**

A **Sra. Deza Martínez**, xustificou a urxencia pola existencia de familias en situación económica precaria, incursas en procedementos disciplinarios urbanísticos.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, na que, **por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada.**

A **Sra. Deza Martínez**, asumindo que esta moción era unha arma de dobre fío, dixo que nestes momentos e para casos excepcionais, tamén familias en situación económica precaria, deberían poder beneficiarse de moratorias que lles permitan o uso das vivendas.

O **Sr. Gonzalo Pita**, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, indicou que se o PP gobernaba na xunta e no goberno central, que eran os que tiñan as competencias nesta materia, non entendía a qué viña esta moción, independentemente de estar de acordo con axudar aos máis débiles, polo que votarán a favor.

A **Sra. Aguin Pombo**, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, calificou a moción de demagóxica e aludiu a que as persoas que teñen traballo e lles tiren a súa vivenda, tamén quedarán en situación de exclusión social, polo que tería que tratarse de axudar a todos. A interviniente avogou por empezar a traballar nun documento que arranxe unha serie de cuestións problemáticas, sen discriminacións, engadindo que, non obstante, votarán a favor da moción.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, preguntou, en primeiro lugar, se esta moción saíu do PP municipal ou viño doutras instancias, atribuíndoa á mala conciencia deste partido político que, por outro lado, é experto en amnistiar, cada certo tempo, infraccións urbanísticas que normalmente non afectan a persoas en situación de exclusión social. Tamén recordou que existiu unha iniciativa lexislativa popular referente aos desahucios que o PP non tivo en conta e considerou demagóxica esta moción, á parte de discriminatoria por poñer a data de 2003, preguntando cal era a razón da mesma. Finalmente dirixiuse á concelleira de servizos sociais para preguntar cantas casas hai neste concello que se identifican con a situación descrita na moción.

A **Sra. Alcaldesa** rexeitou que esta proposta fose demagóxica e se urxente, porque hai casas construídas ilegalmente por persoas sen recursos económicos e que incluso teñen xente discapacitada ao seu cargo, sobre as que pesa unha orde de demolición, sen que se poida facer unha revisión urbanística, engadindo que neste concello existen, polo menos, catro casos aos que afecta o contido da moción. Por último contestou ao anterior intervineinte precisando que a moción elaborouse en Sanxenxo e pide que se apoie por unanimidade para acadar unha moratoria que permita o uso das vivendas que se encontren na situación citada na moción.

O **Sr. Gonzalo Pita**, logo de dicir que por eles non vai quedar o apoio aos máis vulnerables, dixo que a competencia para aprobar as leis perseguidas polas mocións non eran dos concellos, polo que segue sen entender o plantexamento desta moción.

A **Sra. Aguíñ Pombo** aludiu a que a lei ten que ser igual para todos e a continuación describiu os antecedentes da situación en que se atopaba unha vivenda da súa familia.

O **Sr. Otero Domínguez** sinalou que non van apoiar a moción tal e como está redactada, que existen outras iniciativas e que no PXOM actual xa se produxo unha discriminación de feito, engadindo que a moción non lle parece crible e se sen percorrido, incluso no propio seo do Partido Popular.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, explicou que a data de 2003 era a da entrada en vigor da lei de ordenación urbanística actual e que nalgún momento hai que empezar a contar. Tamén indicou que polo anterior intervineinte non se presentou ningunha proposta para modificar esta moción, cando entende que sempre é importante negociar para conseguir as unanimidades, polo que estaba esperando que por parte dalgún grupo se presentaran modificacións nese senso que non se produciron. Tampouco lle pareceu axeitado que se critique unha moción e despois se vote a favor. Por último destacou que se trataba dunha medida non de carácter xeral, senón para casos excepcionais e que non perseguía legalizar vivendas, senón alcanzar unha moratoria para solucionar temporalmente o uso das vivendas para familias en situación económica moi precaria.

A **Sra. Deza Martínez** dixo que as vivendas afectadas no concello por esta moción se coñecían en urbanismo e non na concellería de servizos sociais, tratándose dalgún caso sumamente precario. Tamén explicou que na propia moción se indica o sinalado pola **Sra. Aguíñ Pombo** respecto de que persoas que aínda non o estaban, caerían na situación de exclusión social como consecuencia do derrubamento da súa vivenda. Por último aludiu a que o perseguindo era conseguir unha moratoria nestes casos excepcionais e mentres se mantivesen esas situacións.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo

Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 2 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, aprobou a moción nos termos antes transcrita.-----

2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA A INCLUIR NO PROGRAMA DE EDUCACIÓN COÑECEMENTOS DE PRIMEIROS AUXILIOS, AUTOPROTECCIÓN E SEGURIDADE VIAL (R. DE ENTRADA NÚM. 2880, DO 27 DE MAIO DE 2013): A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

““MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PP RELATIVA A INCLUIR NO PROGRAMA DE EDUCACIÓN COÑECEMENTOS DE PRIMEIROS AUXILIOS, AUTOPROTECCIÓN E SEGURIDADE VIAL.

O Concello de Sanxenxo a través da Concellería de Educación e Cultura e a Concellería de Persoal e Seguridade Cidadá ten un programa que desenvolve nos centros de educación do noso termo municipal formación en materia de autoprotección e seguridade vial para toda a comunidade escolar.

A importancia da formación dos nenos, xóvenes e profesorado en primeiros auxilios, autoprotección e seguridade vial coa intención de concienciar destas materias dende a idade escolar tal e como fan os países do noso entorno sobre a importancia da prevención de situacións de risco, así como a correcta aplicación dos primeiros auxilios como forma de salvar vidas.

O Alcalde e o responsable da protección civil e lle corresponde o fomento da autoprotección, tal como sucede no noso termo municipal, ferramenta esta fundamental para que os cidadáns alcancen por si mesmos a protección ante un sinistro.

A Lei 2/1985 do 21 de Xaneiro, sobre Protección Civil destaca no punto IV da súa exposición de Motivos a importancia da autoprotección sinalando que “nos supostos de emerxencia que requiran a actuación da protección civil, unha parte moi importante da poboación depende, inicialmente, das súas propias forzas. De aí que, como primeira fórmula de actuación, precise de establecer un complexo sistema de accións preventivas e informativas, ao que contribúe en boa medida o cumprimento dos deberes que se impoñen aos propios cidadáns, co obxecto de que a poboación adquira conciencia sobre os riscos que poidan sufrir e se familiarice coas medidas de protección que, no seu caso, debe utilizar”.

Trátase en definitiva, de conquistar a comprensión e participación de toda a poboación en tarefas propias da protección civil, das que os cidadáns son, ao mesmo tempo, suxeitos activos e beneficiarios.

Por estas razóns, facemos propia unha proposta das asociacións e profesionais do sector das emerxencias da importancia de ensinar primeiros auxilios, seguridade vial, autoprotección e emerxencias a os nosos nenos e xóvenes como ven desenvolvendo o Concello de Sanxenxo nos últimos anos.

A intención é aproveitar as futuras modificacións que no deseño curricular de determinadas materias, nas que consideramos existe un encaixe idóneo para estas ensinanzas, solicitar se incorporen no plan de estudos contidos fundamentais para a seguridade e a vida das persoas.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal do PP de Sanxenxo propón a Concello en Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

UN.- O pleno do Concello de Sanxenxo insta ao Goberno Autonómico a incluír no programa de contidos obrigatorios de Educación Primaria e Secundaria, os coñecementos de Primeiros Auxilios, Seguridade Vial, Autoprotección e Emerxencias.

DOUS.- Dar traslado a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a Mesa do Parlamento Galego e aos portavoces dos Grupos Políticos con representación parlamentaria.””

A Sra. Deza Martínez xustificou a urxencia porque era moi importante conseguir formación en materia de autoprotección e primeiros auxilios.

A continuación a Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción, na que,

por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada.

A **Sra. Alcaldesa** dixo que esta moción recollía a solicitude de varias asociacións que consideraban necesario que se ordenara adecuadamente a formación nestes asuntos citados.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, logo de felicitar ao concello polas clases que se dan nos colexios sobre estes temas, indicou que non vía a necesidade da moción neste concello pola actividade que xa se está a desenvolver e tendo en conta que haberá outros concellos que non teñan medios para facelo. Despois de que se lle aclarara ao interviniente que se pretendía incluír estas materias como unha asignatura, voltou a indicar que non consideraba necesaria esta moción e que ademais trataba dun asunto de competencia autonómica.

A **Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, sinalou que votaría a favor e felicitou ao concello polas actividades en materia de seguridade viaria que se están a realizar nos colexios.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, sinalou que votarían a favor da moción e tamén coincidiu na apreciación positiva das actividades que a este respecto se executan nos colexios do concello, entendendo que debían ampliarse estas ensinanzas á sociedade.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, recordou que á parte do interese en se mesma da moción, unha das súas consecuencias era que a Xunta de Galicia tivese que asumir o custo das clases, liberando ao concello dese gasto.

O **Sr. Gonzalo Pita** indicou que á vista do manifestado neste debate, especialmente, no referente á redución dos custos para o concello, manifestou que rectificaba a súa posición e que votaría a favor da moción.

A **Sra. Alcaldesa** dixo que lle trasladaría as felicitacións dadas neste punto aos responsables destas actividades, agradecendo o manifestado polos diversos intervinientes.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación na que, por **unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada nos termos antes transcritos.--**

3º) MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL, GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO E GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO: O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, dá lectura á moción asinada polos voceiros dos grupos municipais que forman parte da oposición e que a continuación se transcribe literalmente:

“”””D. Gonzalo Gonzalo Pita, portavoz do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (**SAL**), Dona Dulcinea Agúin Pombo, portavoz do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo (**PSdeG-PSOE**) e D. David Otero Domínguez, portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (**BNG**) no Concello de Sanxenxo

EXPOÑEN:

Dende o momento que xurde en Galicia a estafa sufrida polos afectados das emisións de Participacións Preferentes e as Obrigas Subordinadas, convértese nun dos problemas de maior impacto social, que afecta directamente a milleiros de familias galegas que están a ver como os seus aforros desaparecen co consecuente impacto sobre as súas vidas, non so no eido económico senón tamén no apartado emocional e

físico.

Outra consecuencia de esta estafa é a repercusión colectiva que está a afectar ao conxunto da sociedade. Este carácter colectivo fai que as solucións residan no ámbito político.

Os cidadáns elixen os seus gobernantes para posicionarse e dar solución aos problemas sociais e colectivos, con máis motivo pola indefensión na que se atopan estas familias ante esta estafa.

Isto non é o que está a suceder por parte dos gobernos do Partido Popular da Xunta de Galicia e do Estado.

Son decisións políticas como o Real Decreto-lei do 24/2012 de 31 de Agosto, no que se anticipaba a posibilidade de que as persoas estafadas polas chamadas Preferentes e Subordinadas podían sufrir unha quita sobre os seus aforros, realidade que se confirmou o pasado venres 22 no Consello de Ministros, onde se materializaba as porcentaxes da quita aos aforradores e as convalidacións das Preferentes e Subordinadas por accións con valor inexistente, as que poñen de manifesto o posicionamento claro do goberno do Partido Popular a favor do sector financeiro en detrimento das persoas estafadas, dándolles un carácter de inversores fronte o que realmente son: AFORRADORES ESTAFADOS!

Mariano Rajoy compadécese coa situación de Chipre, e ao mesmo tempo non lle treme a man para firmar un Real Decreto onde deixa totalmente desprotexidos aos aforradores galegos.

Por outra banda está a actitude do goberno da Xunta de Galicia, onde o Presidente do goberno, Alberto Núñez Feijoo, asume as medidas que adopta o goberno do Estado eludindo os seus compromisos contraídos cos seus cidadáns, pasando das xustificacións respecto a falta de competencias a poñer en marcha unha arbitraxe onde imperan máis ben criterios de ARBITRARIEDADE e uns tempos que non entenden os propios afectados. De continuar con este comportamento non se vai dar solución á totalidade dos problemas dos afectados e moito menos despois da aprobación da quita.

Estes criterios son compartidos na totalidade do partido Popular, como queda de manifesto na moción presentada polo seu grupo o 28 de Xaneiro, onde curiosamente anticipaba o peor dos presaxios, e cito textualmente:

“A pesares dos acontecementos derivados do rescate ao sector financeiro español consideramos que os tenedores de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas non poden sufrir quitas respecto ao nominal dos seus títulos. Neste sentido, sería desexable que o Ministerio de Economía e Competitividade intercedese ante as autoridades competentes a que sexan na menor contía posible e que os posibles canxes por outro tipo de instrumentos financeiros se convertan en liquidez inmediata.”

En resumo, boas palabras e ningunha solución.

A alcaldesa de Sanxenxo comprometeuse cos afectados que levan 3 meses encerrados no Salón de Plenos do noso concello, a atopar solucións que non fructificaron, deixando en evidencia a súa incapacidade como interlocutora co seu propio partido.

Tampouco de nada nos serve ter no noso concello unha Deputada Nacional que antepón a disciplina do seu partido aos intereses dos seus veciños e veciñas afectados.

A actitude recente do Partido Popular está a pasar por criminalizar ás Plataformas de afectados por esta estafa que están a loitar polo que é deles, segundo actitudes e declaracións de determinados dirixentes de este partido.

Por todo o exposto, os Grupos Municipais que asinamos esta moción solicitamos que o Pleno da Corporación adopte os seguintes

ACORDOS:

-Instar ao goberno do Estado á rectificación da decisión de establecer quitas, así como a eliminación da conversión ou canxe por ningún tipo de produtos financeiros, recoñecendo así a condición de AFORRADORES e non de inversores.

moción e non vai pedir ao PP que cambie o sentido do seu voto, pero precisou que noutros concellos, concelleiros do Partido Popular votaron en contra do real decreto e destacou que a hora da verdade, os políticos teñen que defender aos seus veciños antes de seguir a disciplina de voto.

A **Sra. Alcaldesa** reiterou que non vai votar a favor da moción, porque cre que o real decreto permitiu que entrara un diñeiro necesario para a economía española, pero sinalou que ía absterse, ofrecéndose para explicar ante quen sexa, quen es foron os clientes aforradores e quen os investidores e, polo tanto, os que deben recuperar todo o seu diñeiro.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 8 (Grupo Municipal do Partido Popular).

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría simple dos seus membros asistentes a sesión aprobou a moción nos termos antes transcritos.-----**

4º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL SOBRE A CASA CULTURAL DE ADINA (R. DE ENTRADA NÚM. 2769, DO 22 DE MAIO DE 2013): O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

““Os concejales integrantes de Grupo Municipal S.A.L. ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan para a súa discusión e, no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 27 de maio a seguinte **MOCIÓN:**

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- A Casa de Cultura de Adina, xenerou polémica veciñal dende que se confirmou por parte do grupo de goberno a intención de ubicar dentro deste mesmo espazo a explotación dunha cafetería.

SEGUNDO.- Consideramos que hay certa contradicción entre o que di textualmente o pliego de condicións do obxecto do contrato administrativo de concesión pública da explotación da cafetería onde di que esta concesión esta xustificada na “NECESIDADE” de ofrecer este servizo. De ser así, estamos seguros que o redactor do proxecto da obra probablemente o faría en habitacións separadas ou de forma anexa, pero nunca compartindo un mesmo espazo diáfano.

TERCEIRO.- Compartir este mesmo espazo diáfano fai privar de intimidade ó desenvolvemento con normalidade de certas actividades na que os ruidos normais dunha cafetería (cafetera, televisor, radio, público, máquinas recreativas etc) producindo situacións tensas como as que desgraciadamente xa somos conecedores.

CUARTO.- Esta decisión que estamos seguros que foi tomada para facer sostenible os gastos que xeneran este lugar público esta a xenerar certas incompatibilidades entre a explotación da cafetería e o desenvolvemento da vida socio-cultural da parroquia en tanto se poidera estar a incumplir as leis de prevención do consumo de bebidas alcohólicas e os seus horarios en menores de idade, cando alí se imparten varias disciplinas deportivas e formativas na que asisten menores.

QUINTO.- A Parroquia da ADINA, e a maior do concello con máis de 5,000 habitantes, pola que o uso do espazo utilizado polas diversas actividades sociais, culturais e deportivas da Casa de Cultura quedase moi limitado con uns 140 metros cadrados, unha vez que no seu interior se lle restan os 60 m que se destina a cafetería.

SEXTO.- Asimesmo, creanse limbos xurídicos en canto a responsabilidade civil das aseguradoras dos dous espazos ó tratarse de dos ramos de actividade e uso distinto, con distintas garantías y sin unha división fixa que divida estas dúas zonas, podendo crear un conflito de intereses en caso dun siniestro.

MOCIÓN

Por todo o anteriormente mencionado e unha vez contrastada e consensuada coas partes solicitamos o grupo de goberno o debate e aprobación da seguinte proposta:

1.- Solicitamos que se confeccione por parte da administración e de forma consensuada coas partes a elaboración URXENTE dunhas NORMAS DE USO para o desenvolvemento e boa conciliación entre a explotación da cafetería e o desenvolvemento das actividades socio-culturais da parroquia, tal e como tiña prometido a concexala de Cultura fai máis de cinco meses.

2.- Consideramos que sería ideal a reubicación da cafetería nun anexo á Casa de Cultura polo que instamos ó goberno, no caso de que se sigan producindo incidentes a pesares das normas de uso, a que valore a posibilidade dun anexo a este fin.””

O **Sr. Gonzalo Pita**, xustificou a urxencia polos incidentes que están a acontecer no Centro Cultural de Adina e pola necesidade de conseguir unhas normas de uso que regulen a convivencia no citado equipamento cultural.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada.

O **Sr. Gonzalo Pita** sinalou que a súa moción responde a chamadas de colectivos da parroquia para regular o uso do Centro Cultural de Adina e evitar os problemas xurdidos co concesionario do bar, para o que sería desexable conseguir un consenso, pero entendendo que, aínda sen el, debería producirse unha regulación.

A **Sra. Aguiñ Pombo**, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, sinalou que xa no anterior pleno tiña unha pregunta sobre a problemática que afectaba a este centro cultural, xa que nesta parroquia, que é moi activa, se realizan unha grande cantidade de actividades que fan necesario ocupar o maior espazo posible, ata o punto de que a citada cafetería sobra nese equipamento cultural, debendo buscarse outra ubicación e anunciando o seu voto favorable á moción.

O **Sr. Otero Domínguez**, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, sinalou que xa tiña unha opinión creada dende facía tempo e indicou que non foi acertado o situar no centro cultural unha cafetería para aforrar os gastos de mantemento do propio equipamento, posto que se producía unha ocupación dun espazo que os veciños crían que era para o desenvolvemento das súas actividades, preguntándose que necesidade había de crear un negocio deste tipo nun centro cultural, estándose a producir neste momento enfrontamentos que é necesario solucionar.

A **Sra. Deza Martínez**, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, sinalou que non ían apoiar a moción posto que xa había un regulamento, que xa se estaba a revisar para adaptalo á situación actual.

O **Sr. Gonzalo Pita** solicitou que o regulamento fora en exclusiva para a Casa Cultural de Adina e que se tramitara con urxencia pola problemática xerada alí.

A **Sra. Aguiñ Pombo** preguntou se ese regulamento fora elaborado polo equipo de goberno ou consensuado cos colectivos.

O **Sr. Otero Dominguez** sinalou que o regulamento é necesario pero non é a solución ao problema, dada a incompatibilidade do negocio e as actividades culturais.

A **Sra. Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, explicou que se trataba de realizar un regulamento para todas as casas de cultura, porque non só ten cafetería a Casa Cultural de Adina e se está intentando regular o funcionamento da mesma dentro dun centro cultural, respectando o desenvolvemento das actividades do mesmo e reiterando que non era novedosa a existencia deste tipo de negocios nos centros culturais.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, destacou que nestes momentos parecía inviable sacar a cafetería do centro cultural.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, non foi aprobada a moción.-----

Sendo as vinte e tres horas e cincuenta e sete minutos e ante a imposibilidade de tratar a seguinte moción pola proximidade das cero horas do día vinte e oito de maio de 2.013, a **Presidenta** dá por rematada a sesión, de todo o que, eu **Secretario, dou fe:**

Angel-Luis López Pita, secretario xeral do Concello de Sanxenxo.

CERTIFICO: que a Corporación Municipal en Pleno deste Concello, na sesión ordinaria do día VINTE E SETE DE MAIO DE DOUS MIL TRECE, en relación a “**PROPOSTA DO CONSELLO DA XERENCIA DE URBANISMO DE APROBACIÓN DO DOCUMENTO DE RECTIFICACIÓN DO PXOM EN EXECUCIÓN DE SENTENZAS DITADAS POLA SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, ANULATORIAS DE CERTAS DETERMINACIÓNS DO PXOM DE SANXENXO**” adoptou por **unanimidade** dos membros presentes da Corporación o acordo cuxa parte dispositiva se transcribe:

PRIMEIRO: aproba – lo Documento de “*Rectificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sanxenxo. Execución das Sentenzas ditadas pola Sala do Contencioso – Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sección 2ª, cos números 467/07, 471/07, 479/07 e 481/07*”, elaborado en febreiro de 2013 polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Roberto Aya Duarte, e presentado na Xerencia Municipal de Urbanismo o 8 de febreiro de 2013 (*Rexistro de Entrada nº 366*).

SEGUNDO: publica – lo Acordo de aprobación no prazo dun mes dende a súa adopción, no **Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial de Pontevedra**, debendo ademáis publicarse neste último, a Memoria e os planos do referido documento técnico.

TERCEIRO: remitir este acordo e un exemplar do documento aprobado á Sala do Contencioso – Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza.-----

E para que conste, coa salvidade do art. 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, asino este certificado.

Sanxenxo, 28 de maio de 2013.

**Vº e pr.
A alcaldesa**

Angel-Luis López Pita, secretario xeral do Concello de Sanxenxo.

CERTIFICO: que a **Corporación Municipal en Pleno deste Concello**, na sesión **ordinaria** do día **VINTE E SETE DE MAIO DE DOUS MIL TRECE**, en relación a **“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E AS ENTIDADES XESTORAS DE SISTEMAS INTEGRADOS DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE PILAS E ACUMULADORES”** adoptou por **unanimidade** dos membros presentes da Corporación o acordo cuxa parte dispositiva se transcribe:

“Solicitar a adhesión do Concello de Sanxenxo ao Convenio Marco de data 1 de agosto de 2012, subscrito entre a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades Xestoras dos Sistemas Integrados de Xestión de residuos de pilas e acumuladores, coa opción A, asumindo as obrigas derivadas do mesmo e con suxeición a todas as súas cláusulas, facultando á Sra. Alcaldesa - Presidenta D^a Catalina González Bea para a sinatura de cantos documentos fosen necesarios para a execución deste acordo”.-----

E para que conste, coa salvidade do art. 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, asino este certificado.

Sanxenxo, 29 de maio de 2013.

**Vº e pr.
A alcaldesa**

Angel-Luis López Pita, secretario xeral do Concello de Sanxenxo.

CERTIFICO: que a **Corporación Municipal en Pleno deste Concello**, na sesión ordinaria do día **VINTE E SETE DE MAIO DE DOUS MIL TRECE**, en relación a **“PROPOSTA DO CONSELLO DA XERENCIA DE URBANISMO DE INADMISIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR MANUEL BARBEITO FERNÁNDEZ EN CONTRA DO ACORDO PLENARIO DE 29/10/12 POLO QUE SE PRESTOU APROBACIÓN PROVISIONAL Á MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 DO PXOM DE SANXENXO”** adoptou por **maioría absoluta** dos membros de dereito da Corporación o acordo cuxa parte dispositiva se transcribe:

UNICO: inadmitir o Recurso de Reposición presentado por Manuel Barbeito Fernández en data 8 de marzo de 2013, fronte ó Acordo adoptado polo Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 29 de outubro de 2012, mediante o que se prestou aprobación provisional á Modificación Puntual nº 2 do PXOM de Sanxenxo, integrado polo documento redactado por D. Rafael Vázquez Abal, D. José Manuel Rey Rial e D. Juan Lorenzo Ramírez, en data 18 de outubro de 2012, en base ó informe do técnico adscrito á Xerencia Municipal de Urbanismo de 23 de abril de 2013 que literalmente di:

“””””Á vista do Recurso de Reposición presentado por D. Manuel Barbeito Fernández en data 8 de marzo de 2013 (*Rexistro de Entrada do Concello número 1255*), fronte ó Acordo de Aprobación Provisional da Modificación Puntual nº 2 do PXOM, adoptado polo Concello Pleno en sesión extrórdinaria celebrada 29 de outubro de 2012, cómpre emiti – lo seguinte **INFORME**:

1. No recurso de reposición formulado, o interesado solicita a anulación do referido Acordo Municipal, por entender que na tramitación do expediente se produciron certas deficiencias que o terían convertido en acto nulo de pleno dereito, por vulneración do disposto no *art. 62.1 e) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LPC)*, e por considerar que concorren, tanto nos informes que obran unidos ó expediente como no propio acordo adoptado, falla de motivación.
2. Sen entrar na análise dos motivos de fondo alegados polo recurrente, ten necesariamente que indicarse que o **RECURSO FORMULADO DEBE SER INADMITIDO**. Os acordos de **APROBACIÓN PROVISIONAL** adoptados polas Administracións Municipais nos expedientes de aprobación de instrumentos de ordenación urbanística **son considerados**, á vista do disposto no *art. 107 da LPC, no art. 25.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso – Administrativa (LJCA)*, e da reiterada e pacífica xurisprudencia emanada do Tribunal Supremo, **ACTOS DE MERO TRÁMITE fronte ós que non cabe recurso en vía administrativa ou contencioso – administrativa**.

Do manifestado son boa mostra os reiteradísimos pronunciamentos emanados da Sala do Contencioso – Administrativo do Tribunal Supremo (TS), entre os que, a título de exemplo e ilustrativo, pode traerse a colación os que a continuación se reflicten.

Así, a **Sentencia da Sala do Contencioso – Administrativo do Tribunal Supremo (STS) de 1 de febreiro de 2005**, na que o Alto Tribunal manifestou que:

“...en dita sentenza, pola contra, se declara abertamente que é ó tempo de recorrer fronte á aprobación definitiva dos instrumentos de planeamento cando se deben concentrar as accións fronte ós demais actos que integran a complexa operación urbanística de formación de tales instrumentos, pois só a aquela cabe atribuír a condición de acto definitivo,...

Mentras non recaiga a aprobación definitiva, se ignora o contido e alcance das determinacións urbanísticas ou se teñen quedado subsanados posibles defectos invalidantes, polo que resulta lóxico que, ata entón, no poidan impugnarse, e elo non produce indefensión algunha á que recorrente ó estar lexitimada para exercer, unha vez aprobadas definitivamente aquelas, calesquera accións, de que se crea asistida, contra elas, razón pola que, como temos indicado, ambos motivos de casación esgrimidos, deben ser desestimados...”

Ou aquela **STS de 12 de maio de 2006**, na que se pronunciou nos termos literais que a continuación se indican:

*“É xurisprudencia reiterada a que afirma, con carácter de regra xeral, que **os actos de aprobación provisional dos instrumentos de planeamento non son susceptibles de recurso Contencioso – Administrativo, pois se trata de ACTOS DE MERO TRÁMITE cuxa eficacia está supeditada á aprobación definitiva**; sendo neste intre ulterior no que poden ser impugnados todos aqueles extremos e determinacións contidas no planeamento aprobado, incluso aquelas que dependesen exclusivamente da autonomía local...*

Descansa esa xurisprudencia e regra xeral que consagra na lóxica apreciación de que mentras non recaiga a aprobación definitiva se ignora en realidade o contido e alcance das determinacións urbanísticas e, tamén, se quedaron subsanados, ou non, posibles defectos formais invalidantes, polo que resulta lóxico que, ata entón, non poidan impugnarse; sen que elo produza indefensión algunha á recorrente, xa que ésta está lexitimada para exercer, unha vez aprobados definitivamente aqueles instrumentos, calquera accións de que se crea asistida...”

Ou aqueloutra **STS de 30 de xuño de 2011**, na que afirmou que:

*“Xa se dixo antes que a inadmisión do recurso contencioso – administrativo non supón unha vulneración do dereito á tutela xudicial efectiva que proclama o artigo 24 CE cando esa resolución se funda nunha causa legal que así o xustifica e resulta aplicable, que é o que aqué sucede respecto do **Acordo municipal de 19 de maio de 2002 en canto aprobou “provisionalmente” o Plan Parcial litixioso, ó tratarse dun acto de mero trámite non susceptible de impugnación, consonte ó disposto no artigo 69.c) LJCA, en relación co artigo 25.1 da mesma...***

É doutrina xurisprudencial consolidada que a aprobación provisional dos instrumentos de planeamento non é susceptible de recurso contencioso – administrativo por tratarse dun acto de mero trámite, ó estar supeditada a súa eficacia á aprobación definitiva, intre ese ulterior en que poden ser impugnados todos aqueles extremos e determinacións contidas no planeamento aprobado, incluso aquelas que dependesen exclusivamente da autonomía local...”

3. Pero e que aínda no caso de que puidera entenderse que non resulta acertado o manifestado no apartado anterior, tampouco cabría a admisión de recurso de reposición algún fronte ó

indicado Acordo Plenario, xa que, segundo dispón o apartado terceiro do meritado *art. 107 LPC*, **NON CABE FORMULAR RECURSOS EN VÍA ADMINISTRATIVA FRONTE A**

DISPOSICIÓN DE CARÁCTER XERAL. Sendo de sinalar, como ven recoñecendo constante e reiteradamente a xurisprudencia do Tribunal Supremo, a indiscutible **NATUREZA REGULAMENTARIA e CARÁCTER NORMATIVO** da que gozan os instrumentos de ordenación urbanística.

O alcance deste precepto ten sido analizado en numerosas ocasións polo **Tribunal Supremo**. Así, baste por todas, na súa **Sentencia de 19 de marzo de 2008**, veu a sinalar que:

*“Son o principio de seguridade xurídica e o carácter regulamentario do Acordo impugnado os que, dende a perspectiva xurisdiccional que nos ocupa, obrígnanos a confirmar que as **disposicións xerais ou normas regulamentarias, co seu mero pronunciamento e necesaria publicación,***

esgotan a vía administrativa, sen necesidade de interpor contra eles recurso algún administrativo a tal fin, sendo posible e obrigada, no seu caso, a súa directa impugnación na vía xurisdiccional. Dito doutra forma, as *disposicións regulamentarias* --que son a expresión da potestade administrativa ordenadora do mesmo nome-- *ó integrarse e formar parte do Ordenamento xurídico, regulando, con carácter xenérico e xeral, un aspecto sectorial do mesmo, non poden quedar pendentes, en canto á súa concreta eficacia normativa, da posible impugnación individual ou particularizada por parte dalgún recorrente, nin moito menos contar coa expresada eficacia en relación cun sector da poboación ou dos seus destinatarios, e non en relación con quen procedesen á súa impugnación ó socaire dunha suposta falta de esgotamento da vía administrativa; a inseguridade xurídica no ámbito da potestade regulamentaria sería manifesta.*

Dende a devandita perspectiva, cobra toda a súa lóxica o precepto cuxa interpretación que nos ocupa (107.3, parágrafo 1º da LRJPA), segundo o cal "contra as disposicións administrativas de carácter xeral non cabrá recurso en vía administrativa..."

4. Á vista da doutrina posta de manifesto, procede a **INADMISIÓN DO RECURSO PLANTEXADO**; debendo sinalarse que tal pronunciamento deberá ser acordado polo órgano plenario municipal, seguindo os mesmos trámites que foron practicados na aprobación provisional obxecto de impugnación, é dicir, tras proposta de acordo adoptada polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo.
5. O manifestado salvo mellor criterio fundado en dereito. "''''''-----"

E para que conste, coa salvidade do art. 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, asino este certificado.

Sanxenxo, 29 de maio de 2013.

**Vº e pr.
A alcaldesa**

Angel-Luis López Pita, secretario xeral do Concello de Sanxenxo.

CERTIFICO: que na **Corporación Municipal en Pleno** deste **Concello**, na sesión **ordinaria** do día **VINTE E SETE DE MAIO DE DOUS MIL TRECE**, tratouse o seguinte asunto:

2º) RENUNCIA DE VANESA RODRIGUEZ MANEIRO COMO CONCELEIRA DO CONCELLO DE SANXENXO. Polo **Sr. Secretario** indícase que no expediente figuran as declaracións de causas de incompatibilidade e de intereses patrimoniais da concelleira renunciante.

Pola **Sra. Rodríguez Maneiro** deuse lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“”””Que expreso o meu desexo de deixar ó cargo do partido PSdeG-PSOE de Sanxenxo, renunciando á mesma con todo o que ela conleva en canto a dereitos e obrigas.

É o meu desexo deixar o meu cargo de concelleira da forma máis inminente posible debido a motivos persoais e á evidente disconformidade existente entre eu e os meus compañeiros no Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Sanxenxo ao que xa non pertenzo como militante.

Sen máis un saúdo e gracias.””””

Non habendo máis intervencións, a Corporación Municipal dáse por enterada da **renuncia** da **Sra. Rodríguez Maneiro** ao seu cargo de concelleira para remitila á Xunta Electoral Central, co obxecto de que se proceda á expedición da credencial de concelleiro a favor do integrante da candidatura do **Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo (PSdeG-PSOE)** co posto **nº 5**, que é **D. PABLO PIÑEIRO TABOADA**.-----

E para que conste, coa salvidade do art. 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, asino este certificado.

Sanxenxo, 29 de maio de 2013.

Vº e pr.
A alcaldesa

Angel-Luis López Pita, secretario general del Ayuntamiento de Sanxenxo.

CERTIFICO: que en la **Corporación Municipal en Pleno** de este ayuntamiento, en la sesión **ordinaria** del día **VEINTISIETE DE MAYO DE DOS MIL TRECE**, se trató el siguiente asunto:

2º) RENUNCIA DE VANESA RODRIGUEZ MANEIRO COMO CONCEJAL DEL AYUNTAMIENTO DE SANXENXO. Por el **Sr. Secretario** se indica que en el expediente figuran las declaraciones de causas de incompatibilidad y de intereses patrimoniales de la concejal renunciante.

Por la **Sra. Rodríguez Maneiro** se dio lectura al escrito que literalmente se transcribe:

“””””Que expreso mi deseo de dejar el cargo del partido PSdeG-PSOE de Sanxenxo, renunciando a la misma con todo lo que ella conlleva en cuanto a derechos y obligaciones.

Es mi deseo dejar mi cargo de concejal de forma inminente debido a motivos personales y a la evidente disconformidad existente con mis compañeros en el Grupo Municipal del PSdeG-PSOE de Sanxenxo al que ya no pertenezco como militante.

Si más, un saludo y gracias.”””””

No habiendo más intervenciones, la Corporación Municipal se da por enterada de la **renuncia** de la **Sra. Rodríguez Maneiro** a su cargo de concejal para remitirla a la Junta Electoral Central, al objeto de que se proceda a la expedición de la credencial de concejal a favor del integrante de la candidatura del **Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo (PSdeG-PSOE)** con el puesto **nº 5**, que es **D. PABLO PIÑEIRO TABOADA**.-----

Y para que conste, con la salvedad del art. 206 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, expido este certificado.

Sanxenxo, 03 de Julio de 2013.

Vº Bº
La alcaldesa

Angel-Luis López Pita, secretario xeral do Concello de Sanxenxo.

CERTIFICO: Que a **Corporación Municipal en Pleno** deste concello en sesión ordinaria realizada o día **vinte e sete de maio de dous mil trece**, tratou o seguinte asunto:

10º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 31 DE DECEMBRO DE 2012 AO 13 DE MAIO DE 2013 (DE RES. Nº 1403/12 Á Nº 529/13). A **Sra. Presidenta** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 31 de decembro de 2012 ao 13 de marzo de 2013, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

E para que conste, coa salvidade do art. 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, asino este certificado.

Sanxenxo, 31 de maio de 2013.

Vº e pr.
A alcaldesa

Angel-Luis López Pita, secretario xeral do Concello de Sanxenxo.

CERTIFICO: que a **Corporación Municipal en Pleno deste Concello**, na sesión **ordinaria do día VINTE E SETE DE MAIO DE DOUS MIL TRECE**, en relación a “” adoptou por _____ dos membros presentes da Corporación o acordo cuxa parte dispositiva se transcribe:

E para que conste, coa salvidade do art. 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, asino este certificado.

Sanxenxo, __ de maio de 2013.

Vº e pr.
A alcaldesa

Para o seu coñecemento efectos, xunto ao presente achégase **acordo plenario**, en sesión realizada o 27 de maio do actual, e **documento de adhesión** ao **“CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E AS ENTIDADES XESTORAS DE SISTEMAS INTEGRADOS DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE PILAS E ACUMULADORES”**.

Sanxenxo, 29 de maio de 2013

A alcaldesa

Catalina González Bea

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS.
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL.
SAN LÁZARO, S/N
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA**

A Corporación Municipal en Pleno deste Concello, na sesión ordinaria do día VINTE E SETE DE MAIO DE DOUS MIL TRECE, en relación a “PROPOSTA DO CONSELLO DA XERENCIA DE URBANISMO DE INADMISIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR MANUEL BARBEITO FERNÁNDEZ EN CONTRA DO ACORDO PLENARIO DE 29/10/12 POLO QUE SE PRESTOU APROBACIÓN PROVISIONAL Á MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 DO PXOM DE SANXENXO” adoptou pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación o acordo cuxa parte dispositiva se transcribe:

UNICO: inadmitir o Recurso de Reposición presentado por Manuel Barbeito Fernández en data 8 de marzo de 2013, fronte ó Acordo adoptado polo Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 29 de outubro de 2012, mediante o que se prestou aprobación provisional á Modificación Puntual nº 2 do PXOM de Sanxenxo, integrado polo documento redactado por D. Rafael Vázquez Abal, D. José Manuel Rey Rial e D. Juan Lorenzo Ramírez, en data 18 de outubro de 2012, en base ó informe do técnico adscrito á Xerencia Municipal de Urbanismo de 23 de abril de 2013 que literalmente di:

